

A photograph showing a person's bare foot resting on a wooden bed frame. The room is dimly lit, with a warm light source visible in the background, possibly a lamp. The wall behind the bed has a textured, stone-like appearance. The overall mood is intimate and quiet.

Tería que drogarme

Inés Liste

Tería que drogarme

Para Fran, porque todo vai ser mellor

Tería que drogarme

I

In other words, fly me to the moon
Despronunciada
Computer love
Primavera
Faime un flashback

II

Tempo para deletrearnos
Eu quería facelo contigo
Non son Penélope
O desastre do Columbia
Plutón non é un planeta
Inaturable
Enanas vermellas

III

Desabrochada
Mal
Os intrusos
Viñan para salvarnos
N-550 (I)
N-550 (II)

IV

Fun serea
Vacacións
O coche (I)
O coche (II)
Antes do coche
Ceo de vidro

V

Lembranzas da illa
Rearmarse
As pernas (I)
As pernas (II)
O cine

I

Antes de todo, elas, coma sereas, non coñecen apéndices ata que aparece o desexo.
Despois artellan os seus soños arredor dun príncipe que remata no fondo do mar.
En última instancia, non son felices.

In other words, fly me to the moon

Acuática, constrúo parcelas de océano
con xardíns estrelados a xogo
para xogar cómodos,
ao tempo que aguanto o alento e subo na marea.
Como estrelas de mar ao ceo
agatuño por escada a universos de pantalla líquida
e teño unha vida de cine.
Un guión perfecto.
Con redes de pensamentos para tecer andamios e erguer o mundo.
Subir, subir e quererse estoupando tanques de hidróxeno,
órbitas astronautas con lúas de mel e xeo de auga en Marte,
flotar na parcela da vida extraterreal, soñar e contarcho.
Sons de teclas a dictar conversas
cancións nas que me levas á lúa pensando en Xúpiter,
en (a)marte.

Despronunciada

Miro a través do océano o mundo

e arriba, o teu rostro

sorrindo nun espello de ceo como fondo.

Despois de facer do pelo cordas e rubir polas áncoras arriba

ateime devotamente ao teu norai.

Apenas nun átomo decidir,

sen verte, o futuro todo en ti,

que levas tempo xuntando palabras na miña boca.

Sen pronunciarte.

Sen pronunciarme.

Afogas en silencio a miña voz e toco a substancia da túa fraseoloxía coas dedas,

coma ondas nos pulpexos desas mans,

desas dedas que silencian a miña boca para dicirmo todo.

Humedécesme as palabras para poder bebelas,

para nutrirme da lingua e succionar pensamentos,

cóncava a acoller líquidos

para medrar coma árbore,

para medrar fora desta illa.

Sen pronunciarte.

Despronunciada

Soño así tépeda e sacúdenme as mareas
debaixo do edredón,
ditando o guión do filme dos días,
tan perto e aínda...

Os dedos surcan a pel de auga e acariño imparábel *qwerti*
materializándome noutra cidade.

Tan lonxe.

Debaixo do edredón ondeándome no leito,
como a lúa dende a ventá ondea as mareas,
cos fonemas que van chegando,
fonemas que nocturna saborea a lingua de mar
e se o verso foses ti,
lambería a liña ata deixar o silencio en branco,
borraría así as fronteiras e sería húmido e sería terra e sería ceo o noso leito.

Planetas e satélites pendurados da lingua,
mentres ondean as mareas este espello de plasma líquido,
mentres me ondeas co teclado a través do espello,
que es ti o do outro lado
que son eu,
coma sempre,
mergullándome a pulmón,
coma agora,
co suspiro retido nas teclas.

Imposible telegrafar

meiniño esquerdo

índice destro abaixo

o dedo do anel facendo un círculo

e ti coa sinistra premendo un r (AMOR)

O que quero é percorrer coa carne das pernas as fazulas da túa cara.

Quero facelo contigo coma se fose adulta,

como se soubese o que fago,

tamén ser dunha especie marcada por un feito que aínda descoñece,

facelo bebendo moreas de ti e gozando desta solidez.

Quero facelo contigo como se fose o normal

e desfrutalo

coma se fose muller.

Dimensións a permitir cóncavo e convexo,

coma unha pompa de xabón

nas cavidades desa gran cidade

e, ao remate,

desembocar líquida nos recunchos.

Vén a tocarme primavera co teu corpo

coma lingua no padal,

coma flores na boca.

Escoller roupa, rosas,

vestir xoguetona a roupa de dentro

sen dubidar (e non dubido)

do bico do que estas prendas últimas quere ver.

Aínda a cidade é grande e por descubrir,

teño unha escada pola que subir.

Sen rudeza,

así saio á rúa:

coas pernas a prezo de pescada

para mercar poesía coma na China.

E vestirme de palabras. Sen atopar fin.

Faime un flashback

A pel bótate de menos

ausente como está das túas mans

e cos ollos no infinito.

Escíbeme unha carta e cóntame como sucedeu todo.

Por exemplo, a fuxida nun acto de fe.

Ou como os meus universos merecen nostalxia.

Ou as instrucións para o esforzo de quererete sempre.

Cóntame como sucede todo antes de todo

no berce do colo arrolándome coas caricias das letras:

Quéresme? é unha bocanada de aire rozando o lóbulo da orella.

Es miña é o teu sorriso tocado polos meus beizos en idéntica posición.

Es miña(outra vez) son uns dedos no baixo ventre a espertar ás de bolboretas.

Non hai quen te ature é unha canción lunática, marciana, a estoupar.



Tempo para deletrearnos

Cada día fai falla máis tempo para deletrearnos e non o temos.

Esváense as miradas. Entre as dedas. Líquidas.

Xa non chega a noite nin o día para dicir todo o que nos temos que dicir,
nin sequera chegaría a inmortalidade para poder contarnos

(coma naquela noite

de corrente mariña perfecta para templarnos,

de ausentes filamentos de tungsteno e recendo fresco)

para atoparnos e sabernos calmos, mornos

e, tépedos, acubillarnos un no outro.

Deletreáchesme e fuches aínda máis cubil.

Coma naquela noite, choveu: mollóuseme o pelo recén saída da auga

e, húmida coma o sitio do que veño,

deletreeite eu a ti tamén.

Cada día máis tempo para ler a auga,

para explicar o significado destas letras

que caen do pelo coma pingueiras,

coma cando a mirada non se esvaía,

coma cando eras escada e o amor alcanzaba.

Cada día máis tempo e os renglóns a torcerse.

Eu quería facelo contigo

Demasiada poesía en actos demasiado cotiás:

quitar soa a roupa ou durmir no sofá agardando.

Que non valen eses actos e non chego a afacerme a esta poética de prendas silenciosas.

Eu, que quería facelo contigo coma se fose adulta, coma se fose muller, facelo bebendo os mares tumbada no teu leito.

Eu, que quería facelo contigo coas túas mans que son cen misís a furarme o corazón.

E todas as que agardan de madrugada son eu neste cubil negro que non me ama.

Ficamos todas como mar calma agardando á próxima corrente quente.

E eu quería facelo contigo.

Non son Penélope

Se nos racionasen a auga, lavaríamos os corpos xuntos.

Se esta vivenda fose máis pequena, rozaríanse as peles.

Se escasease o alimento, comeríámonos en cada un dos bicos.

E esa miseria non acontece

cando non hai outra cousa que máis desexe,

dicíndocho todo agora,

discretamente,

sen máis ruído

que o sutil roce das pálpebras fixas en ti.

(Penélope,

así se tecen as mortaxas,

enganándonos na noite.)

E déixome encantar polos meus propios cantos

xogando co medo e co ruído

porque non me permito.

Non así.

Igual que Ulises resisteste.

Non acontece nesta casa e insisto no suceso antes de dicir que así se tecen as

mortaxas.

Enganada.

O desastre do Columbia

Descubrirme coas claves do idioma coñecidas
e a comunicación a non ser posible,
afogar no silencio berros na boca
e finxir estar ausente.

Hoxe,
coa lúa da ventá máis grande ca ti máis eu xuntos
remato de construír a decepción.

Un novelo na punta dos teus dedos
coas agullas facéndome un traxe
para un mundo artificial,
para resistir,
para soportar o desastre do Columbia.

Non preciso roupa para quererte, dígoche,

Non preciso protección para amarte.

Non preciso os chaleques antibalas que teces.

Así precisarei de todo nun futuro
botando de menos a humanidade nos corpos que furan , que estoupan,
descubriendo que a lúa é máis grande,
máis nas bágoas, máis na punta das pestanas.

Sabendo que non era así a miña película.

Eu quería o ceo contigo, conteiche.

Plutón non é un planeta

Dende que dixeches que Plutón non é planeta
deixei de crer nos soles brillantes,
nas pantallas de plasma, nos billetes de avión, nas viaxes interplanetarias
e na gravidade da atmósfera que rodea aos problemas.

Deixei de crer tanto
que na bañeira so atopo o salgado das bágoas,
que son moléculas,
tan físicas, tan químicas, tan carnívoras...

Dende que Plutón me estourou nos ollos
o universo cinguiuse a isto que me rodea,
ao silencio da noite con lembranzas a kilómetros/segundo.

Se aguanto a respiración poderei xuntar os anacos e reconstruír Plutón
para as que aínda cremos ter sitio nesta galaxia
pequeniña e estirada e diminuta e enana
e láctea.

Que Plutón son eu, malentendida,
cravadas as decepcións no corpo e a túa órbita a golpear.
Recoñecer inxusto o mundo coma min,
mundo que imaxinei con ollos pechos ben abertos,
que magoa tanto que me derramo sen saber cara onde, por que.

Son unha nena silenciosa, unha muller moi calada,
teño buracos na roupa, nada baixo o pixama e todo por encima.
Quixera escoitar o eco da túa voz nos botóns do contestador,
para cando non me amas,

pero non temos contestador.

Nos meus miolos xa non hai lugar para visitas de peixes de cores,
vou cara o abismo, amando a quen non tería que.

A beleza perderase nesta superpoboación de non contacto,
enfermarei de horror e destrozareime.

Inaturable,

despois de deixarme levar polas túas augas

dixeches inaturable con todas as súas letras e rompeches o feitizo.

Capaz de queimarme co café e non dicirno.

Os cantos dos paxaros fuxíronme da boca

e fiquei coma un soño roto resoando pensamentos,

árbores de follas moradas ondean no vento marciano daquel amarte,

bebendo de soños artificiais.

Inaturable,

coma o baleiro no teu espazo,

coma cada cabelo que conforma a noite.

Remataron os flocos de bolboreta

e apareceron ventás poirentas

con coleccións entomolóxicas de cadáveres ao meu carón,

máis nada que ollos a verter pó de estrelas e vómitos de auga salgada,

desexando voltar ao mar, sen norai

caer no peirao co neopreno que non teciches

e berrar ata me escoites

ata que caias do mastro e afogues.

Envelenada de osíxeno

coas branquias pechadas en costelas

lembro fascinada as ramificacións de palabras e poses,

quérote (aínda?)

Mentres te penso rebotante de ignorarme no trafegar de xente

afogo no osíxeno podre que combustiona os alveolos

mentres asexas na esquina deste cuarto,

dono de canto espazo che pertence.

Os brazos tamén son ingravidos a certa distancia,

a esa mesma na que desapareces

deixándome sen amarras no acantilado

que imaxino buraco de universos.

Ingrávida.

Que non me quero bulímica de afogos,

que estou construíndo unha coiraza

na que rascar a tristura coas unllas... e fágome enana

a estourar en vermello cuspindo sangue de dentro

porque xa saberás da dificultade das palabras por asentarse na boca

e absórvome no negro da espiral riscada do teu iris.

A túa galaxia non existe.

Convéncesme mentres racho este xa pretérito universo.

Convéncesme así, manando sangue no vento que queima aquí arriba
medindo a forza das vermellas labazadas.



Desabrochada

Sen coiraza para rabuñar e coas unllas roídas.
Apañas os restos e ármame coma manequín de escaparate
xurándolle manicuras de porcelana a unha muller espida
cos pés no chan e cun misto nas mans,
cun misto mollado para saír das tebras.
Sábesme desabrochada, literalmente.
Así me coñeceches a pel, sen ollais por medio,
brindando un mar de luz,
un canto de serea que escacha as lámpadas co día.
Que non sei manexar dese xeito voz, corpo, dixen,
e afogo mentres tento rachar as tulipas.
Sabedor do meu exquisito mergullo a pulmón
permítes que outros corpos olímpicos o comprobén
esgazándome coa urticaria dos saloucos.
Explóranme ante a túa mirada outros
que non son os océanos que ti foches
pel con pel,
desabrochada a miña,
a esvarar por riba coma esparto a súa,
tremendos, catastróficos, intrusivos,
e non poderán eles xa arredar o desexo
de escuro arrecendo que a voz promete.
Perténcenlles (a cada un) as mans cos aloumiños que posúen,

son súa (de quen corresponda)

porque as sereas so querían a Ulises.

(Porque Ulises sempre retorna á casa)

(Porque Ulises sempre retorna a ela)

(Porque sempre retornou)

Desabrochada, así, sen pertencerme máis voz nin corpo.

Óense voces zoar fora deste tobo de reclusa.

Pechaduras e chaves nos intestinos,
vomitando carraxe por non ser coma elas,
elas persoas, elas mulleres.

Xogando a desmaterializarme
cuspo no chan que é riba de min.

Porque queres que sexa coma elas para eles quererme así.

Mal.

Non máis ca unha *starlett* a deixarse fotografar
cun ego de subsolo, digno de hematomas
de flashes estourando,
pechándome no corpo do que quero fuxir
porque un día marcharei correndo ironías
despois de queimar con vento as árbores de follas vermellas que medraron en min.

Inaturable.

Ti, que abriches a porta da miña dor,
batendo neste corpo de teclado namorado
que se admite mercaduría
de catálogos de vergoña impresa,
porque ti así o queres.

Os intrusos

Os intrusos, os vermes que furan a nosa carne, séntase ao carón
neste exacto lugar,
neste mundo que son eu,
neste mundo no que serán outros os que me vivan,
os que confirmen que non haberá máis Plutóns.
Desfágome no aire en poesía coa convicción do carceleiro,
que non vou ser eu a que libere a palabra.
Porque cando miro, nas ausencias dos reptantes vermes,
vexo outros mundos polo ollo da pechadura
preñados de universos dos que non somos nais.
Porque se ven os puxigos podres
difuminados coa carraxe das bágoas nos ollos
por querer voltar ao mar de parcelas, ao factor de flotación constante,
no que existía outro discurso, ausente aquí.

E, dicía, non vou liberar a palabra
por medo a un desgarro en masa.

Viñan para salvarnos

Acontece, en todas as circunstancias, que viñan para salvarnos
con palabras de alento,
maleándonos brandas.

Despois vendéronnos e aplastáronnos
igual que os dinosaurios fixeron cos homes.

Non protestamos porque viñan para salvarnos.

A vergoña do silencio coa que todas cargamos,
plastinadas, inmóbiles,
tan maleables que desesperanzamos.

Aparécense así en soños lermas gordas coma morenas,
empurrando deformes membros
que queren posuírnos e son capaces.

Aparécense en soños con propósito de asfixia.

Infórmanos

as lesmas, os dinosaurios, os que viñan a salvarnos,
que outro mundo non interesa,
que outro mundo é tan grande que nos impediu saber que...

-e pon aquí o que ti queiras-

que os autores das máis belas frases son os facedores dos máis horrendos actos.

Porque o mundo é tan grande que nos quedan cousas por saber,
tantas cousas que as moas rillan unha contra outra.

Que a vida é tan curta...

e por detrás, tan dura.

Arrólome mirando este teatro con papeis de mansas ovellas
e no fondo, matarilerilerón, dirasme “os cans pastores sempre foron tan bonitos...”

Xunto todas as ganas de chorar da miña vida,
derrubo o meu ser e boto a andar deixándome atrás
coma elas,
virxes sacrificadas, violentadas, drogadas, vagalumeando arredor de neóns.
Abro os ollos para non distinguir o real,
un animal tan fráxil que nin pernas tiña,
so outra aberración.
Soa entre ringleiras de pernas abertas
sen máis nada que marea rota en anacos,
escumando burbullas baixo a lingua para ofrecer desexos de saliva,
esquecendo que tiña un corpo de peixe para impulsarme máis alá do horrendo,
que o que me resta é o esforzo dos apéndices a tentar erguerse,
a experimentar as crequenas,
a saber escarrancharse e, sobre os tacóns,
facer andar a sublime arquitectura a paso lento.

Tería que drogarme para facelo ben,
drogarme nun punto da N-550
e esvaerme coma o día na liña do horizonte,
veloz,
apenas decatarme de que me aloumiñan a pel.
Desconsiderada, surcar excesiva o prezo dos cubatas
desprendida, deixando o corpo libre,
rasgar aínda máis as vestimentas
ata no amencer atoparme sen elas
e comezar o final da noite tilitante coma estrela esvaecida en días de temporal.
O ceo aquí é cemento e debo conseguilo co meu nome de novo,
coa vinganza do lento, da arquitectura sublime,
decido escapar das morenas negras,
atrevida.

Albisco unha galaxia pequena en posible expansión,
máis alá das árbores vermellas que me rachan a boca.

Porque é preciso **atreverse**.

A romper coas follas os labios de vermello e berrar liberdade.

Atreverse a construír un universo de palabras.

Atreverse a vivir.

Sucédense as imaxes neste plan de evasión:

labazadas a sangrar árbores, pel rachada a tiras,
a respiración na caluga e eu asulagada na almofada,

mans desfeitas en dedos entrando frías por baixo das pernas,
coma o alento nos pulmóns, húmido de transpirar nas sabas,
como caracois arredor das tépedas tetas
coma seduccións de finxida naturalidade
a un ritmo desgarrador...

Soa nun mundo de homes. Non hai intimidade para poder masturbase correctamente.

IV

Fun serea

Que investiguen o que significa ser serea,
os límites do fascismo persoal,
ser capaz de facer o que
por complacer unha frase idiota do ser máis egoísta do mundo.
Investigar o que iso implica.
Non teño fogar porque xa tiña nas mans,
en cada dedo,
un mundo cun nome nos mapas.
Tiña cores nos ollos que cuadrículaba significando paralelos.
E rompeuse todo, coma o cristal cun golpe.
Agora que tiña que coidar dos ollos
e das cores
e dos mundos paralelos
é cando todo se rompe,
coma o fígado que cada día me golpea máis.
A gorxa chea de dor arrisca o tempo
farta de non ter palabras para ter fe,
e é hoxe cando acontece o diluvio
e os sumidoiros dos pensamento rebosan
e arrastran as feridas na carne
e levan as bágoas que so me queiman a min.
Habito os mapas como cando serea e xogo a asasinar bonecos disfrazados de ti.

Quero mandarme de vacacións
para vomitar palabras na ausencia,
nas cicatrices do corazón,
do fígado,
de todos os alveolos estourados cando colle aire
o meu ser aínda non en derribo permanente.
Sufro tanto as feridas,
que as pago a prazos
E acórdote
bañado por capas de mar e raios de sol
na sopa de letras que devoramos
que en nada se parecen a este invento teu de cemento.
A ruína de min, esforzada por parecerche un verxel,
fuxe suicida á estratosfera, por ver de construírse dunha vez
e a estas altitudes descúbrote agora artificial
porque comunicarse era un xeito de palpebrar
e para me entender,
terías que mirar a sima dos meus ollos
onde busco unha bombona de osíxeno para prenderche lume,
para unha fuxida suicida de ti en vacacións.

O coche (I)

Existe un prezo excesivo a pagar en cada tramo articular,
en cada apéndice que gañei.

Hoxe non presentan novidade: non arden,
non hai estímulos agás o espertar do día,
cando a friaxe da mañá me invade
e vou cansa de non terme
e penso en fixar a pupila no punto de fuga,
despexar a dor interna e botarme a voar polos aires,
polo asfalto.

Remix de retrovisores, carburadores, zapatas de freo
e gasolina irisada de ulido embriagador
mesturado con cheiros alleos no corpo
e a xeadá a desfacerse co sol que emerxe.

Hai formas de suicidio realmente atractivas:
rascar o pulso, abotoar o derradeiro botón da camisa
ou fumar un paquete enteiro de tabaco,
actitudes vitais que exerzo no absurdo.

Coa dor precisa nestes momentos, eu,
que descoñezo a maneira elegante de mandar tomar polo cu,
escollo a máquina para o crime.

O cheiro a goma queimada,
o automatismo de cambiar de marcha e a estrada
a máis longa, a máis recta e a máis illada.

Escollo a máquina para estrelarme contra as miñas defensas,

traspasar as árbores e quedar rota por dentro
onde non preciso, tampouco eu,
ser elas, sen oportunidade de salvarme.

Inaturable,

coma o cabelo a ondear neste lume de flocos,
coma o medo a estar no teu espazo exterior.

Remataron as bolboretas no noso planeta
e o cristal cravándose en anacos coma misís.

Máis nada que cheiro a caucho.

Máis nada que ollos a verter pó e a boca rota en árbores.

O coche (II)

Roubar un coche sen freos, sen mapa, cun destino fermoso e infinito.
Cos ollos na estrada e perder a inocencia dunha nena sen madurar,
branda coma un leite de follas,
e no mapa precioso e extenso desaparecín mirando no ceo luces inexistentes,
co sangue nos beizos,
co sangue nas mans nas que tiveron as follas dun libro a tentar matarte,
co sangue en min, en ti, en vos.
Rezando por verme no cristal doutros ollos,
que xa non son líquida para apagar
un coche en chamas na chaira, en noite de lúa sen devalar.
Que son un corpo autoestrelado,
un eco de pensamentos no retrovisor.
Impactan na cabeza as estrelas como misís,
tan calmas, ferindo cada segundo, desgarradoras.
Tan lentas.
Arden as vísceras por dentro traspasando o inaturable,
co interior roto,
coas estrelas a meterse como balas en min,
que eu soñaba contigo
e descoñecía o suxa que é a túa luz nas alturas.
Agora, isto es ti,
auga porca estancada nun sumidoiro de detritus.
O barolo invade os recunchos nos que non estás. Nos que estás podre.

Antes do coche

Asasineime antes entre catro paredes
abríndome a gorxa,
cunha semente dentro de min a nacer no estómago
medrada da podredume dos homes,
no ermo desas esquinas falsas e acolledoras.
E saíron pola boca as follas da árbore,
rumiadas coma unha vaca para os meus adentros,
rematando nun asasinato
porque o que medraba era todo un bosque,
no que a que se quería matar son eu.
Contra o espello tamén.
Contra o espello que escacha nos ollos e contra o gume das follas a cortar bágoas.
Río e confésome enferma: porque me mimaban cando estaba enferma.
Quería satélites de felicidade, de vida, de flor,
de apretar o mundo ata facer aceite.
E afoguei reseca ardéndome nas entrañas o mal do mundo.
Lentamente,
consumíndome coma un misto cunha sensación moito menos poética.
Boto lume polos ollos e as feridas
lentas, doentes...

Lembro, á vez que impactan estrelas na cabeza e doen
nesta dor infinita

(que desta vez non me roza o ventre),

lembro que xogaba a facer rumbos de cohetes,

mundos de garabatos nos teitos brancos,

cando estaban os ollos tumbados na cama,

co ceo coma lenzo pendente.

Tocaban acrobacias co ceo como destino

e tiven sobredose de cristais á velocidade dun avión

cravándose en min.

Sen rozarme a analxesia trago un salaio de aceleración inversa,

porque agora tiña que ser unha serea

habitando galaxias e universos fantásticos

e a merda toda obrigoume a facer crequenhas, xeonllos...

a escapar nuns sublimes tacóns

deixando

na fuxida

anacos de min.

V

Lembranzas da illa

Coma naquela illa o difícil é resistir, non morrer.

Abrir a boca moito máis para vomitar
sumerxida na carne sen poder berrar.

E déixoas entrar,
sen alento, agora tamén, déixoas entrar abríndome a tráquea:
outra vez as ganas de vivir.

Teño uns ollos enormes cos que me observo con devoción
mentres invento cancións no idioma que amo,
sen burbullas mortais, sen peixes mortos esvarando pola pel.

Anímome a resistir,
como naquela illa.

Aínda sabendo que xa non serei eu.

Rearmarse

Reármome nesta escuridade de non saber salvarme,
de brúxula desnortada, de buguina xorda coma o ronsel do barco.

Desnortada na néboa que veu do mar,
coma a identidade dun sur magnético,
coma a aurora boreal de trapos de vida esfiañada,
coma o granito a intoxicar o ambiente.

Viaxo ao futuro e libérome de min,
reármome e sálvome desta outra desnortada que se esvae en rotos de néboa,
que é barcos varados en sal de portos secos.

Que é un ermo deshabitado. Deshabitado á miña presenza. Perdida na autoestima
ausente.

Enrólame nesa tripulación, capitana caleidoscópica, prégome,

sen néboas, sen pasado,

con buguinas nocturnas como luces na autoestrada,

con astrolabios marcándome o camiño,

comigo,

con palabras que me fiquen na memoria e que fagan caer a pintura das paredes

deses muros abandonados que deixo atrás.

Reármame nesta soidade de non querer perderme.

Fálome nun acto de autodeterminación que preciso ter.

As pernas (I)

E as pernas foron dadas para cansalas xogando,
non era o correcto abrilas así,
nin o xeito das súas bocas a devorarme..

Foron dadas coma as palabras,
agochando tesouros dentro delas,
que son fortes, que son pesadas de levar
pero que dan saltos para chegar ao ceo

Eu quixen ser so unha moza boa, unha boa moza.

As pernas (II)

Chocar os maleolos.

Comprobar a firmeza destas pernas como columnas

porque aínda doen

mais permiten mirar aos ollos,

mirarme xa aos ollos, tal vez ser eu.

E asumir que a mirada última, a que racha a capa de pintura,

a que estivo esgotada de tentar a vida,

non vai ser a derradeira.

Que é posible seguir adiante,

escapar do labirinto, sabedora do merecedora que son de saír,

de permitir medrar dedas nos pés,

de aprender de novo a camiñar,

de lembrar como é o mar,

de abrir as pernas no aire

e, por veces, lembrar unha clase de luz (a da néboa nos cigarros)

a do ceo nas estrelas.

Cuspen xente ás rúas os portais,
coma min,
que boto fora pesadelos
e admito a atracción polo alquitrán,
no verán,
cando os pés non se poden pousar no chan.
Atopo rúas que poñen
Andrea, quérote en letras amarelas
para que se vexan dende o ceo dun quinto con ascensor.
Ese tipo de asfalto é o que me eleva vaporosa,
coma o cheiro a mar que me leva flotando no frío da noite
andando rúa abaixo coas mans nos petos,
a un filme case en branco e negro, roto por unha luz.
Íntegra, como se realmente fose alí a onde os pés quixesen chegar
vacilantes,
non te avergoñes,
disimula, que estás perdida, que es nova
Esquecendo onde era que ti estiveches,
que estás soa
que debes estar aí
onde intúes sentirte segura,
no mar tamén
ou no vento que leva as derradeiras bágoas.
Nun cine, un filme roto en branco e negra luz.

Que te sentas na terceira fila,
onde as butacas son vermellas e pode que vellas,
pero dáche igual.
Entras arrastrada por querer estar cos demais,
para sentirte acompañada
e porque non tiñas máis nada que facer
que ver un filme de identidades confusas
e non te atreves a mirar atrás
por crer ser a única alí sentada,
triste neste primeiro inverno,
por estar como nunca quixeches estar
e pasar frío por non recibir miradas
ou recibir miradas para non ter nunca máis ese frío,
cando te tapas co abrigo
ou por iso te tapas co abrigo.
É a túa historia e non te atreves a mirar atrás
por se aos das outras filas lles pasa o mesmo.
Ata que miras e invaden os teus ollos a pantalla.

